

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR PLURILINGÜE HERMANOS QUIROGA RODRÍGUEZ
CURSO: 6º EP
MATERIA: MATEMÁTICAS
DEPARTAMENTO: CIENCIAS
DATA: 11-05-2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles										
Estándares de aprendizaxe	Competencias							Trimestre		
	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC			
Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.		X		X		X		1º	2º	3º
Utiliza os números negativos en contextos reais.		X							2º	3º
Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.		X	X					1º		3º
Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.		X	X					1º		3º
Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	X	X						1º	2º	3º
Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10		X						1º		3º
Calcula aumentos e diminucións porcentuais.		X						1º		3º
Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	X	X		X				1º		3º
Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).		X	X	X					2º	3º
Calcula o mcm e o mcd		X						1º		3º
Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, , superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán		X							2º	3º
Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.		X							2º	3º
Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.	X	X		X					2º	3º
Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.		X	X						2º	3º
Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...		X	X						2º	3º
Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.		X	X						2º	3º

Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado , triángulo, rombo, trapecio e polígonos regulares.		X	X					3º
Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.		X		X				3º
Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.		X	X					3º
Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.		X						3º
Identifica e diferencia os distintos tipos de sucesos nunha experiencia aleatoria.								3º
Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.		X	X	X				3º

2.Avaliación e cualificación	
Avaliación	Instrumentos de avaliación: Para obter información precisa sobre a aprendizaxe dos meus alumnos e facilitar o diálogo empregarei os seguintes instrumentos: • Lista de control ou verificación das tarefas enviadas semanalmente. • Observación das tarefas ou traballos solicitados aos alumnos, poden ser exercicios, solución de problemas ou de investigación. • Uso das TIC que posibilita aos meus alumnos a interactuar coa miña materia o que facilita a súa comprensión e mellora a súa aprendizaxe: - Observación de conceptos matemáticos a través dunha imaxe. - Análise de datos. - Medidas de lonxitude e superficie visualizando os corpos planos e xeométricos. Esta situación de confinamento axuda en xeral a acadar unha certa mellora en competencia dixital.
	Criterios de avaliación: Segundo os distintos instrumentos de avaliación empregados e a súa consecución adoptarei o seguinte criterio: A cualificación do terceiro trimestre tereina en conta sempre que sexa positiva pero nunca negativamente. Será cualitativa e non cuantitativa. Valorando: - A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. - A competencia de aprender a aprender. - A entrega do traballo semanal. - O interese por facer e entregar as tarefas , tanto de reforzo ou repaso como de ampliación. - A actitude de diálogo comigo para mellorar o que non entenda. - A claridade e limpeza do seu traballo. - A puntualidade na entrega, salvo que haxa problemas de saúde e/ou conexión dixital.
Cualificación final	Todos os criterios de avaliación referidos no apartado anterior, computarán no terceiro trimestre de maneira positiva un 15% na nota global do curso. En caso negativo non computarán.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	As actividades do 3º trimestre figuran todas no seguinte drive: https://drive.google.com/open?id=1rOxXSRjxgly5IBJsxUZsQM-Ou64LeAa Son actividades de reforzo e afianzamento do 1º e 2º trimestres, do 3º só o que penso que é posible que comprendan a través dos medios polos que teñen acceso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía a seguir e a seguinte: Ao comezo da semana (os luns) por E-mail envío as tarefas para toda a semana, así organízanse e distribúen o traballo segundo eles vexan. Tendo que entregalas os venres. Se non teñen ordenador ou móbil con datos suficientes para o correo electrónico mándollo por whatsapp. Unha vez recibidas as tarefas, son corrixiadas e envíaselle resposta ao alumno tanto para confirmar se están ben como para aclararlle os erros que poidan ter. En todos os casos animándoos e agradecéndolles o seu esforzo e os das súas familias, poñéndome a súa disposición para calquera dúbida ou problema que poida xurdir.
Materiais e recursos	- Fichas explicativas ou con actividades - Libros dixitais - Vídeos - Páxina web (https://es.ixl.com/math) - E-mail ; WhatsApp ; Chamadas telefónicas

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información aos alumnos realizarase a través do correo electrónico, whatsApp ou teléfono, segundo o decida a familia e tendo en conta os medios dos que dispoñan. Este labor realízao a titora, aínda así facilitáanse os correos electrónicos dos demais profesores por si teñen dúbidas ou xorden problemas nas outras materias.
Publicidade	A información correspondente ao 3º trimestre será enviada polo centro por diversos medios e a través do sistema ABALAR MÓBIL